

I. DISPOSICIONES XERAIS

MINISTERIO DE ECONOMÍA E EMPRESA

3113 *Orde ECE/228/2019, do 28 de febreiro, sobre contas de pagamento básicas, procedemento de traslado de contas de pagamento e requisitos dos sitios web de comparación.*

O Real decreto lei 19/2017, do 24 de novembro, de contas de pagamento básicas, traslado de contas de pagamento e comparabilidade de comisións (en diante, o real decreto lei) traspón ao noso ordenamento xurídico o contido da Directiva 2014/92/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de xullo de 2014, sobre a comparabilidade das comisións conexas ás contas de pagamento, o traslado de contas de pagamento e o acceso a contas de pagamento básicas.

Seguindo o previsto no real decreto lei, no capítulo I desta orde establécese que a regulación sobre os servizos, comisións máximas, publicidade e información das contas de pagamento básicas é unicamente de aplicación ás entidades de crédito. Con todo, podería ser conveniente que no futuro se avalíe o uso realizado polos consumidores das contas de pagamento básicas e a conveniencia de estender a obrigaçión de prestar o devandito servizo a outro tipo de provedores de servizos de pagamento distintos das entidades de crédito, sempre que poidan prestar os servizos de pagamento exixidos pola Directiva 2014/92/UE. Para tal fin, a presente orde recolle a elaboración dun informe no prazo de 12 meses. Doutra banda, establécese que a regulación sobre o traslado de contas de pagamento é de aplicación aos provedores de servizos de pagamento e que a relativa aos requisitos adicionais dos sitios web de comparación o é a toda persoa física ou xurídica que vaia establecer un sitio web que permita comparar as comisións que aplican os provedores de servizos de pagamento.

A orde aborda diversas cuestións reguladas no real decreto lei que requiren a aprobación dunha orde ministerial para conseguir unha completa operatividade do sistema deseñado no real decreto lei. En particular, o real decreto lei contén catro habilitacións, recollidas nos seus artigos 9.2, 10.1, 13.6 e 19.2.h), para que a persoa titular do Ministerio de Economía e Empresa complete a regulación incluída no real decreto lei.

A primeira das cuestións, cuxo contido se inclúe no capítulo II desta orde, é o establecemento da comisión máxima que as entidades poden cobrar polos servizos incluídos no contrato de conta de pagamento básica, a partir dos criterios establecidos no artigo 9.3 do real decreto lei. Os principais servizos regúlanse no artigo 8.1 do real decreto lei. A súa terminoloxía e definición ten que se adaptar ao previsto na lista de servizos máis representativos asociados a unha conta de pagamento publicada no sitio web do Banco de España.

No establecemento da comisión máxima que se cobrará ao cliente, a política pública vén configurada con dous niveis en función do colectivo a que se aplique. Un primeiro nivel é o de comisión ordinaria, establecida con carácter xeral para aquelas persoas que cumpran os requisitos para ter dereito de acceso á apertura dunha conta de pagamento básica, previstos no artigo 3 do real decreto lei, e que non se atopen nalgunha das circunstancias de denegación do artigo 4 da devandita norma.

O importe concreto constrúese seguindo os criterios fixados no artigo 9.3 do real decreto lei, tendo ademais en conta as modas das comisións que veñen comunicando ao Banco de España as entidades de crédito para produtos similares, todo iso incluíndo un número suficiente de operacións de transferencias ou cargos domiciliados dentro da Unión Europea para cubrir os fins persoais do consumidor, dado o comportamento actual dos consumidores e a práctica habitual. Así mesmo, tívose en consideración no cálculo que as ditas comisións deben ser razoables, conforme o que establece o dito artigo 9.3.

Paralelamente, establécese un segundo nivel de comisión, no artigo 9.4 do real decreto lei, de carácter máis vantaxoso que o anterior, para aquel colectivo de persoas en situación de vulnerabilidade ou risco de exclusión financeira. Conforme este precepto, os criterios para a determinación deste colectivo non se poden plasmar nunha orde ministerial, senón en norma con rango de real decreto que aprobará o Goberno.

Este mesmo capítulo fai referencia ás medidas que as entidades terán que aplicar para dar a coñecer a potenciais clientes as contas de pagamento básicas, os servizos prestados e as comisións, elementos importantes para facilitar a difusión do coñecemento das ditas contas.

A terceira das cuestións que aborda a orde, no seu capítulo III, é a descrición das regras e dos procedementos que deben seguir os provedores de servizos de pagamento no proceso de execución do servizo de traslado de contas. Este traslado terá carácter gratuíto para o cliente.

Inclúense tamén no capítulo IV os requisitos adicionais que deben cumprir os sitios web de comparación de contas de pagamento co obxecto de alcanzar un nivel adecuado de independencia, obxectividade e transparencia, conforme o previsto no artigo 19.2 do real decreto lei.

O texto inclúe tamén catro disposicións adicionais e catro derradeiras.

A disposición adicional primeira explicita a inclusión da regulación da orde, con excepción do previsto no artigo 10.4, dentro das normas de ordenación e disciplina, condición necesaria para estender a competencia do Banco de España na supervisión e adopción de medidas correctoras sobre elas.

A disposición adicional segunda establece a compatibilidade na entrega simultánea do estado de comisións relativo ás contas de pagamento e do envío anual do resto da información de comisións e gastos do conxunto dos servizos proporcionados pola entidade, algo que racionaliza e abarata para a entidade os procesos de entrega de información sen reducir o nivel de información que o cliente recibe.

A disposición adicional terceira faculta o Banco de España, como autoridade nacional competente para a supervisión dos establecementos financeiros de crédito, para establecer e modificar as normas de contabilidade e os modelos a que se deberán suxeitar os estados financeiros dos establecementos financeiros de crédito, así como os estados financeiros consolidados.

A disposición adicional cuarta prevé a realización dun informe de avaliación por parte do Ministerio de Economía e Empresa no prazo de 12 meses desde a entrada en vigor da orde.

As disposicións derradeiras primeira e segunda establecen, respectivamente, o título competencial e a incorporación parcial ao noso ordenamento xurídico de dereito da Unión Europea.

A disposición derradeira terceira permite ao Banco de España establecer as particularidades que poidan resultar necesarias para a plena aplicación do réxime establecido nesta orde. Por último, a disposición derradeira cuarta establece a entrada en vigor.

A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, exige que as normas respondan aos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia.

En canto aos principios de necesidade, esta orde é o instrumento óptimo para levar a cabo a transposición parcial en rango regulamentario da Directiva 2014/92/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de xullo de 2014, sobre a comparabilidade das comisións conexas ás contas de pagamento, o traslado de contas de pagamento e o acceso a contas de pagamento básicas.

En relación co principio de eficiencia, esta orde non impón carga administrativa ningunha adicional que non sexa estritamente necesaria para dar cumprimento ás obrigacións derivadas do real decreto lei que desenvolve.

Respecto do principio de proporcionalidade, esta orde cumpre co dito principio ao gardar un equilibrio entre o nivel de protección dos clientes bancarios e a necesidade de proporcionar un marco legal adecuado e áxil.

O principio de seguridade xurídica queda reforzado con esta orde, tendo en conta que, respectando o principio de xerarquía normativa, dá desenvolvemento á regulación establecida polo real decreto lei.

En aplicación do principio de transparencia, tanto na fase de consulta pública como na de audiencia pública, os interesados tiveron acceso tanto ao documento de apoio como ao proxecto articulado no sitio web do Ministerio de Economía e Empresa. En ambos os procedementos recibíronse numerosas observacións que se tiveron en conta na elaboración deste texto.

A presente orde dítase en uso das habilitacións expresamente conferidas á persoa titular do Ministerio de Economía e Empresa nos artigos 9.2, 10.1, 13.6 e 19.2.h) do Real decreto lei 19/2017, do 24 de novembro, e no artigo 13.2 da Lei 5/2015, do 27 de abril, de fomento do financiamento empresarial.

Na súa virtude, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

1. Esta orde ten por obxecto establecer as disposicións de desenvolvemento do Real decreto lei 19/2017, do 24 de novembro, de contas de pagamento básicas, traslado de contas de pagamento e comparabilidade de comisións, relativas ás comisións máximas, a publicidade, a información e determinados aspectos do réxime das contas de pagamento básicas, o procedemento aplicable aos traslados de contas de pagamento en provedores de servizos de pagamento en España, e a facilitación de apertura transfronteiriza de contas de pagamento noutro Estado membro da Unión Europea, así como o establecemento dos requisitos adicionais dos sitios web de comparación de comisións de contas de pagamento.

2. Para efectos desta orde ministerial, de conformidade co establecido no Real decreto lei 19/2017, do 24 de novembro, enténdese por conta de pagamento unha conta aberta a nome dun ou varios usuarios de servizos de pagamento e utilizada na execución de operacións de pagamento. Non terá a consideración de conta de pagamento o instrumento cuxo obxectivo sexa reflectir a contabilidade das imposicións a prazo fixo nas contas de aforro; as contas de tarxeta de crédito, en que os fondos unicamente se aboan co fin exclusivo de pagar o crédito da tarxeta; os préstamos ou créditos, teñan ou non unha garantía real, ou as contas de diñeiro electrónico.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

1. O capítulo II aplicarase a aquelas entidades de crédito que veñan ofrecendo contas de pagamento en España a persoas físicas que actúen cun propósito alleo á súa actividade comercial, empresarial, oficio ou profesión.

2. O capítulo III aplicarase a aqueles provedores de servizos de pagamento que veñan ofrecendo contas de pagamento en España a persoas físicas que actúen cun propósito alleo á súa actividade comercial, empresarial, oficio ou profesión.

3. O capítulo IV aplicarase a toda persoa física ou xurídica que vaia establecer un sitio web que permita comparar as comisións que aplican os provedores de servizos de pagamento.

CAPÍTULO II

Servizos, comisións máximas, publicidade e información das contas de pagamento básicas

Artigo 3. Utilización dos servizos da conta de pagamento básica.

A utilización das contas de pagamento básicas por parte dos clientes responderá aos principios de boa fe e uso razoable, e non poderán amparar:

- a) a utilización de servizos de pagamento que, pola súa frecuencia, pola súa natureza ou polas súas características, resulten ostensiblemente distintos dos que corresponden a un cliente, nin
- b) o seu uso para finalidades profesionais distintas das que corresponden a un consumidor.

Artigo 4. Comisións ou gastos máximos.

1. Pola prestación da totalidade dos servizos incluídos na conta de pagamento básica a entidade non poderá cobrar ningunha comisión, nin repercutir custos ou cargar gastos ao cliente, salvo o previsto neste artigo.

2. A entidade poderá cobrar mensualmente ao cliente unha comisión máxima, única e conxunta non superior a 3 euros pola prestación dos seguintes servizos:

- a) Apertura, utilización e peche de conta.
- b) Depósito de fondos en efectivo en euros.
- c) Retiradas de diñeiro en efectivo en euros nas oficinas ou caixeiros automáticos da entidade situados en España ou noutros Estados membros da Unión Europea.
- d) Operacións de pagamento mediante unha tarxeta de débito ou prepago, incluídos pagamentos en liña na Unión Europea.
- e) Ata 120 operacións de pagamento anuais en euros dentro da Unión Europea consistentes en pagamentos realizados en execución de cargos domiciliados e transferencias, incluídos os pagamentos realizados en execución de ordes de transferencia permanentes, nas oficinas da entidade e mediante os servizos en liña da entidade de crédito cando esta dispoña deles.

3. As comisións ou gastos polas operacións que excedan cada unha das contías sinaladas no punto 2.e) non poderán ser superiores en cómputo anual ás comisións ou gastos medios que aplique a entidade para cada tipo de operación. Estas comisións ou gastos medios serán publicados trimestralmente polo Banco de España.

4. O Banco de España poderá actualizar cada 2 anos a comisión máxima mensual sinalada no número 2, con base na evolución dos criterios establecidos no artigo 9.3 do Real decreto lei 19/2017, do 24 de novembro, ao longo do devandito período.

5. A entidade poderá repercutir ao cliente as comisións ou gastos que deba satisfacer a unha terceira entidade como consecuencia do previsto na disposición adicional segunda do Real decreto lei 19/2018, do 23 de novembro, de servizos de pagamento e outras medidas urxentes en materia financeira.

Artigo 5. Execución do contrato de conta de pagamento básica.

1. A conta de pagamento básica suxeitarase ao réxime previsto no contrato suscrito entre a entidade e o cliente, dentro do marco normativo previsto no Real decreto lei 19/2017, do 24 de novembro, nesta orde, no Real decreto lei 19/2018, do 23 de novembro, e nas súas normas de desenvolvemento, e no resto das normas que resulten de aplicación.

2. A entidade someterá a apertura e operativa da conta de pagamento básica á normativa, ás políticas e aos procedementos da entidade que lle resulten de aplicación

conforme a normativa de prevención do branqueo de capitais e do financiamento do terrorismo.

Artigo 6. Suxeición ao sistema de resolución de litixios no ámbito financeiro.

A negativa por parte da entidade á apertura dunha conta de pagamento básica, a súa cancelación inustificada ou calquera controversia xurdida en relación cunha conta de pagamento básica poderá ser obxecto de reclamación por parte do cliente, conforme o previsto na disposición adicional primeira da Lei 7/2017, do 2 de novembro, pola que se incorpora ao ordenamento xurídico español a Directiva 2013/11/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de maio de 2013, relativa á resolución alternativa de litixios en materia de consumo.

Artigo 7. Uso da terminoloxía normalizada en servizos de contas de pagamento.

Os termos e as definicións utilizados na información xeral e contractual respecto dos servizos recollidos no artigo 4.2 desta orde e no 8.1 do Real decreto lei 19/2017, do 24 de novembro, adaptaranse á terminoloxía normalizada que, de acordo co artigo 15 do Real decreto lei 19/2017, do 24 de novembro, debe publicar e manter actualizada o Banco de España.

Artigo 8. Información xeral sobre os servizos de conta de pagamento básica.

1. As entidades de crédito que ofrezan contas de pagamento aprobarán, executarán e avaliarán o impacto de procedementos específicos orientados ao coñecemento da conta de pagamento básica e as súas condicións por parte dos seus clientes ou potenciais clientes. En particular, darán a coñecer gratuitamente en todos os seus establecementos abertos ao público, polo menos nos seus taboleiros de anuncios, nos seus sitios web e nas demais canles de distribución desde as cales se ofrezca información de produtos bancarios dirixidos a persoas físicas que actúen cun propósito alleo á súa actividade comercial, empresarial, oficio ou profesión, a existencia e a forma de contratación da conta de pagamento básica, os seus servizos mínimos, as condicións e as comisións aplicadas a tales servizos. En particular, deberán facilitar, polo menos, a seguinte información e asistencia sobre ela, relativa ao produto «*conta de pagamento básica*»:

- a) a existencia das contas de pagamento básicas, así como o dereito que ten todo potencial cliente que careza doutra conta de pagamento en España en que se presten os servizos sinalados no artigo 8 do Real decreto lei 19/2017, do 24 de novembro, a obter, nas condicións establecidas no dito real decreto lei e nesta orde, os servizos asociados a unha conta de pagamento básica;
- b) as características e a descrición de cada un dos servizos incluídos na conta de pagamento básica;
- c) que para dispoñer da conta de pagamento básica non é obrigatorio adquirir outros produtos ou servizos da entidade;
- d) as comisións que son de aplicación conforme o artigo 4.2;
- e) o procedemento que se deberá seguir para a apertura dunha conta de pagamento básica, incluíndo, en particular, a información e documentación que se deben presentar; e
- f) a posibilidade do cliente de utilizar o sistema de resolución alternativa de controversias ou litixios, conforme o previsto na disposición adicional primeira da Lei 7/2017, do 2 de novembro.

2. Os procedementos sinalados no punto anterior incluírán medidas específicas orientadas ao coñecemento da conta de pagamento básica por parte dos consumidores vulnerables, con residencia móbil ou que non dispoñen de conta bancaria e, especialmente, as condicións máis vantaxosas en materia de comisións que se establezan en desenvolvemento do artigo 9.4 do Real decreto lei 19/2017, do 24 de novembro.

CAPÍTULO III

Traslado de contas de pagamento

Artigo 9. *Solicitud de inicio do procedemento para a prestación do servizo de traslado de conta de pagamento.*

1. O servizo de traslado de conta de pagamento entre distintos provedores de servizos de pagamento que operen en España, ou dentro do mesmo provedor, será iniciado polo provedor de servizos de pagamento receptor por petición expresa do cliente e terá carácter gratuíto para este e para o provedor de servizos de pagamento receptor. No caso de que haxa dous ou máis titulares da conta de pagamento, o inicio do servizo de traslado deberá ser solicitado expresamente por todos eles.

2. O provedor de servizos de pagamento poñerá á disposición dos clientes un formulario de solicitude de traslado de conta de pagamento en que se inclúa, polo menos, a seguinte información xeral:

a) as funcións dos provedores de servizos de pagamento transmisor e receptor, respectivamente, en cada fase do proceso de traslado de conta, segundo o especificado nos artigos 10, 11 e 12;

b) o prazo máximo de realización das diferentes fases;

c) as condicións que o cliente pode establecer para a execución do traslado de conta;

d) calquera información que se vaia solicitar ao cliente, e

e) os procedementos alternativos de resolución de litixios previstos na disposición adicional primeira da Lei 7/2017, do 2 de novembro.

Este formulario estará dispoñible en todas as oficinas do provedor de servizos de pagamento e no seu sitio web para a súa descarga de forma visible no espazo destinado a particulares, e proporcionarase aos clientes en papel ou noutro soporte duradeiro de forma gratuíta, logo de petición.

Ademais, os provedores de servizos de pagamento que presten servizos a través de medios telemáticos establecerán os mecanismos necesarios para que o procedemento de traslado de conta de pagamento poida completarse de forma non presencial.

3. O formulario de solicitude que debe cubrir o cliente deberá recoller:

a) a data de execución a partir da cal as ordes permanentes de transferencia e os cargos domiciliados teñen que se efectuar con cargo á conta de pagamento aberta ou mantida no provedor de servizos de pagamento receptor que terá que ser posterior en, polo menos, seis días hábiles á data en que se faga entrega ao provedor de servizos de pagamento receptor do formulario debidamente cuberto por todos os titulares;

b) cales das accións previstas nos artigos 10 e 11 deberán ser realizadas polo provedor de servizos de pagamento receptor e polo transmisor, respectivamente;

c) as transferencias entrantes, as ordes permanentes de transferencia de créditos e as ordes de domiciliación de cargos a que se deba aplicar o traslado;

d) se debe cancelar ou non a conta obxecto de traslado, así como os medios de pagamento, produtos e servizos asociados a esta, se é o caso.

Artigo 10. *Accións do provedor de servizos de pagamento receptor.*

1. No prazo de dous días hábiles contados desde a recepción da solicitude do servizo de traslado de conta de pagamento, o provedor de servizos de pagamento receptor solicitará ao provedor de servizos de pagamento transmisor que leve a cabo as seguintes accións, de acordo coas instrucións recibidas do cliente:

a) a transmisión ao provedor de servizos de pagamento receptor, e ao cliente cando este o solicítase expresamente, dunha lista que recolla as ordes permanentes de

transferencia existentes e a información dispoñible sobre as ordes de domiciliación de cargos obxecto de traslado;

b) a transmisión ao provedor de servizos de pagamento receptor, e ao cliente, cando este así o solicite expresamente, da información dispoñible sobre as transferencias entrantes periódicas e os cargos domiciliados emitidos polo acreedor executados con cargo á conta de pagamento do cliente nos 13 meses precedentes;

c) cando o provedor de servizos de pagamento transmisor non dispoña dun sistema automático de reenvío das transferencias entrantes e dos cargos domiciliados á conta de pagamento que o cliente teña aberta no provedor de servizos de pagamento receptor, o cesamento da aceptación dos cargos domiciliados e das transferencias entrantes con efecto a partir da data especificada na autorización;

d) a cancelación das ordes permanentes con efecto a partir da data especificada na autorización;

e) a transferencia de todo saldo acreedor remanente á conta de pagamento que o cliente teña aberta ou abra no provedor de servizos de pagamento receptor na data especificada polo cliente, e

f) o peche da conta de pagamento do cliente no provedor de servizos de pagamento transmisor na data que, se é o caso, fose especificada polo cliente, así como os medios de pagamento, produtos e servizos asociados a esta, se é o caso, unha vez completado o proceso de traslado.

2. Nun prazo de cinco días hábiles desde a recepción da información solicitada ao provedor de servizos de pagamento transmisor a que se refire o número 1, o provedor de servizos de pagamento receptor levará a cabo as seguintes accións, se están indicadas na solicitude do cliente e do modo que se especifique nela, sempre que a información facilitada polo provedor de servizos de pagamento transmisor llo permita:

a) o establecemento das ordes permanentes de transferencia solicitadas polo cliente e a súa execución con efecto a partir da data especificada na autorización;

b) a realización dos preparativos necesarios para a aceptación dos cargos domiciliados e a súa aceptación propiamente dita con efecto a partir da data especificada na autorización;

c) cando proceda, a facilitación de información aos clientes sobre os seus dereitos en virtude do artigo 5.3.d) do Regulamento (UE) núm. 260/2012 do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de marzo de 2012, polo que se establecen requisitos técnicos e empresariais para as transferencias e os cargos domiciliados en euros, e se modifica o Regulamento (CE) núm. 924/2009;

d) a comunicación, aos ordenantes especificados na autorización que efectúen transferencias entrantes periódicas na conta de pagamento dun cliente, dos datos da conta de pagamento deste último no provedor de servizos de pagamento receptor, e a transmisión aos ordenantes dunha copia da autorización do cliente. Se o provedor de servizos de pagamento receptor non dispón de toda a información necesaria para informar o ordenante, pedirá ao cliente ou ao provedor de servizos de pagamento transmisor que lle facilite a información que falta;

e) a comunicación, aos beneficiarios especificados na autorización e que utilicen un cargo domiciliado para cobrar fondos con cargo á conta de pagamento do cliente, dos datos da conta de pagamento deste último no provedor de servizos de pagamento receptor e da data a partir da cal os cargos domiciliados se cobrarán con cargo a esa conta de pagamento, así como a transmisión aos beneficiarios dunha copia da autorización do cliente. Se o provedor de servizos de pagamento receptor non dispón de toda a información necesaria para informar o beneficiario, pedirá ao cliente ou ao provedor de servizos de pagamento transmisor que lle facilite a información que falta.

3. Cando o cliente decida proporcionar el mesmo a información a que se refiren as letras d) e e) do punto anterior aos ordenantes ou aos beneficiarios, en lugar de dar unha autorización específica consonte o artigo 9 ao provedor de servizos de pagamento receptor

para que o faga, o provedor de servizos de pagamento receptor entregará ao cliente modelos de carta que recollan os datos da conta de pagamento e a data de inicio que se especifique na autorización dentro do prazo indicado no parágrafo primeiro do número 2.

4. Unha vez recibida a comunicación sinalada na letra e) do número 2, corresponderá aos beneficiarios de cargos domiciliarios realizar de forma inmediata as xestións necesarias para asentir o cambio de conta de pagamento do cliente nas sucesivas ordes. O provedor de servizos de pagamento receptor non será responsable dos prexuízos derivados do atraso ou da falta de realización destas xestións nin, en particular, do mantemento do cargo na conta cuxo traslado se solicitou. En todo caso, o cliente poderá reclamar ao beneficiario, no ámbito da normativa de protección a consumidores e usuarios aplicable, os gastos ou comisións que se lle cobren como consecuencia do incumprimento das obrigacións do beneficiario.

Artigo 11. *Accións do provedor de servizos de pagamento transmisor.*

1. Unha vez que reciba a solicitude do provedor de servizos de pagamento receptor, nun prazo máximo de cinco días hábiles, o provedor de servizos de pagamento transmisor levará a cabo as seguintes accións, de conformidade coas instrucións do cliente:

a) o envío ao provedor de servizos de pagamento receptor da información indicada no artigo 10.1, letras a) e b);

b) cando o provedor de servizos de pagamento transmisor non dispoña dun sistema automático de reenvío das transferencias entrantes e dos cargos domiciliados á conta de pagamento que o cliente teña aberta ou abra no provedor de servizos de pagamento receptor, o cesamento da aceptación das transferencias entrantes e dos cargos domiciliados en relación coa dita conta con efecto a partir da data especificada na autorización. En tal caso, o provedor de servizos de pagamento transmisor informará o ordenante e o beneficiario da razón pola cal non acepta a operación de pagamento;

c) a cancelación das ordes permanentes con efecto a partir da data especificada na autorización;

d) a transferencia de calquera saldo acreedor remanente da conta de pagamento obxecto de traslado á conta de pagamento que o cliente teña aberta ou abra o provedor de servizos de pagamento receptor na data especificada na autorización;

e) sen prexuízo do previsto no artigo 32 do Real decreto lei 19/2018, do 23 de novembro, o peche da conta de pagamento na data especificada na autorización, se o cliente non ten obrigacións pendentes con cargo a esa conta de pagamento e sempre que se completasen as accións enumeradas nas letras a), b) e d) do presente parágrafo. O provedor de servizos de pagamento informará inmediatamente o cliente cando as ditas obrigacións pendentes impidan o peche da súa conta de pagamento.

2. Sen prexuízo do disposto no artigo 40.2 do Real decreto lei 19/2018, do 23 de novembro, o provedor de servizos de pagamento transmisor non bloqueará os instrumentos de pagamento antes da data especificada na autorización do cliente, de maneira que a prestación de servizos de pagamento ao cliente non se vexa interrompida durante a prestación do servizo de traslado.

Artigo 12. *Facilitación de apertura transfronteiriza de conta para os clientes.*

1. Todo provedor de servizos de pagamento ao cal un cliente cunha conta de pagamento aberta lle comunique que desexa abrir unha conta de pagamento noutro provedor de servizos de pagamento situado noutro Estado membro da Unión deberá entregarlle gratuitamente unha lista da totalidade das ordes permanentes de transferencia vixentes e das ordes de domiciliación de cargos domiciliados emitidas polo debedor, se é o caso, e das transferencias periódicas entrantes e dos cargos domiciliados cargados na conta de pagamento do cliente, todo iso nos trece meses precedentes.

2. Ademais, de conformidade co disposto no Real decreto lei 19/2018, do 23 de novembro:

a) se así o solicita expresamente o cliente, o provedor de servizos de pagamento transferirá o saldo acreedor remanente da conta de pagamento á conta de pagamento que aquel teña aberta ou abra no novo provedor de servizos de pagamento, sempre que a solicitude inclúa o correspondente IBAN.

b) se o cliente non ten obrigacións pendentes con cargo a esa conta de pagamento e así o solicita, o provedor de servizos de pagamento onde o cliente teña aberta a conta de pagamento procederá á resolución do contrato marco da conta de pagamento. O provedor de servizos de pagamento informará inmediatamente o cliente cando as obrigacións pendentes impidan o peche da súa conta de pagamento.

O provedor de servizos de pagamento dará cumprimento ao disposto neste parágrafo na data especificada polo cliente, sempre que sexa polo menos seis días hábiles logo de que o provedor de servizos de pagamento reciba a solicitude do cliente, salvo outro mutuo acordo entre as partes.

CAPÍTULO IV

Requisitos adicionais dos sitios web de comparación

Artigo 13. *Requisitos.*

1. Co obxecto de asegurar un adecuado nivel de independencia, obxectividade, veracidade e transparencia, cada sitio web que permita comparar as comisións percibidas polos servizos prestados polos provedores de servizos de pagamento, compárense asociados a outros produtos financeiros ou non, deberá cumprir os seguintes requisitos, ademais dos previstos no artigo 19 do Real decreto lei 19/2017, do 24 de novembro:

a) contar con políticas e procedementos escritos que garantan o cumprimento dos requisitos sinalados no parágrafo anterior, incluíndo, polo menos, a seguinte información:

- 1.º os criterios utilizados para a selección e comparación de produtos;
- 2.º os provedores de servizos de pagamento sobre os cales se ofrecen produtos e, se é o caso, a relación contractual con eles, cos seus intermediarios ou representantes;
- 3.º se a relación cos provedores de servizos de pagamento é ou non remunerada e, se o é, a natureza da remuneración;
- 4.º se o prezo, as comisións e as condicións que figuran están ou non garantidos, e
- 5.º a frecuencia de actualización da información ofrecida;

b) os sitios web deberán mostrar a información de forma que a prevalencia dalgún dos produtos ou a orde en que se publicaron non responda exclusivamente a intereses comerciais ou á súa relación comercial con algunha outra persoa ou entidade;

c) cando un provedor de servizos de pagamento retribúa ao sitio web ou pague por publicidade nel, esta retribución non debe ser o motivo principal polo cal os produtos dese provedor de servizos de pagamento aparezan nos resultados;

d) cando entre os resultados da comparación se inclúa calquera publicidade, esta deberá indicar de forma clara e visible para o cliente que se trata dun anuncio. Para iso, inserirá o logo consistente na palabra «Anuncio» nun recadro e con letras vermellas inmediatamente antes da denominación do produto ou servizo; e

e) toda a publicidade que leven a cabo os sitios web de comparación deberá ser clara, obxectiva e non enganosa;

2. Os requisitos previstos no artigo 19 do real decreto lei, xunto cos sinalados no parágrafo anterior, formarán parte das especificacións técnicas para a determinación dos termos concretos da declaración responsable que o Banco de España establecerá no exercicio das súas funcións, cuxo cumprimento continuado será verificado polo Banco de España.

Disposición adicional primeira. *Normas de ordenación e disciplina.*

As disposicións contidas nesta orde ministerial, con excepción do previsto no artigo 10.4, terán a consideración de normas de ordenación e disciplina.

Disposición adicional segunda. *Entrega do estado de comisións.*

O estado de comisións previsto no artigo 17 do real decreto lei poderá entregarse aos clientes conxuntamente coa comunicación prevista no artigo 8.4 da Orde EHA/2899/2011, do 28 de outubro, de transparencia e protección do cliente de servizos bancarios, pero non de forma unificada, de maneira que non perda por iso a súa propia identidade.

Disposición adicional terceira. *Normas de contabilidade dos establecementos financeiros de crédito.*

1. Corresponde ao Banco de España, como autoridade nacional competente para a supervisión dos establecementos financeiros de crédito, a facultade de establecer e modificar as normas de contabilidade e os modelos a que se deberán axustar os estados financeiros, de carácter público e reservado, en ambos os casos tanto individuais como consolidados, dos establecementos financeiros de crédito, incluídos os híbridos, coas especificacións que o propio Banco de España determine, dispoñendo a frecuencia e o detalle con que os propios establecementos financeiros de crédito deberán fornecer e facer públicos os correspondentes datos con carácter xeral. No uso desta facultade non existirán máis restricións que a exigencia de que os criterios de publicidade sexan homoxéneos para todas as entidades dunha mesma categoría e análogos para as diversas categorías de entidades.

2. Para o establecemento e a modificación das normas de contabilidade e modelos do balance e da conta de resultados públicos, será preceptiva a consulta previa ao Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas, que deberá ser emitida no prazo de quince días hábiles a partir da súa recepción.

3. No non previsto expresamente nesta disposición derradeira será de aplicación a Orde do Ministerio de Economía e Facenda do 31 de marzo de 1989 pola que se faculta o Banco de España para establecer e modificar as normas contables das entidades de crédito.

Disposición adicional cuarta. *Informe de avaliación.*

No prazo de 12 meses a partir da entrada en vigor desta orde ministerial, o Ministerio de Economía e Empresa realizará un informe en que se avalíe o uso realizado polos consumidores das contas de pagamento básicas e a conveniencia de estender a obrigaçión de prestar o devandito servizo a outro tipo de provedores de servizos de pagamento distintos das entidades de crédito, sempre que poidan prestar os servizos de pagamento exixidos pola Directiva 2014/92/UE.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Esta orde ministerial dítase ao abeiro do establecido no artigo 149.1.6.^a, 11.^a e 13.^a da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre lexislación mercantil, bases da ordenación de crédito, banca e seguro, e bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, respectivamente.

Disposición derradeira segunda. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante esta orde ministerial incorpórase parcialmente ao ordenamento xurídico español a Directiva 2014/92/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de xullo de 2014, sobre a comparabilidade das comisións conexas ás contas de pagamento, o traslado de contas de pagamento e o acceso a contas de pagamento básicas.

Disposición derradeira terceira. *Habilitación ao Banco de España.*

Habílitase o Banco de España para ditar as disposicións precisas para o desenvolvemento e a execución desta orde.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

A presente orde ministerial entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 28 de febreiro de 2019.—A ministra de Economía e Empresa, Nadia Calviño Santamaría.